

MONOGRÁFICO DE CAPRINO

Situación e evolución dos sistemas de produción caprino en España (Resumo)

J.M. Castel et al.

O caprino é unha das especies gandeiras con maior tradición e presenza en España, existindo unha ampla variedade de ecosistemas, xunto coa presenza de 22 razas caprinas autóctonas. Conviven sistemas de produción de leite e carne tradicionais con sistemas intensivos especializados na produción de leite. Non obstante, en termos xerais, a orientación productiva dos rabaños caprinos españois é principalmente leiteira (73,5%).

Os sistemas tradicionais de produción de carne, aínda que minoritarios, baséanse na explotación de animais de razas rústicas, con pouca aptitude para o muxido, hoxe declaradas en perigo de extinción.

Aínda que fai dos décadas producíase un *chivo* de maior peso e idade, as explotacións actuais orientáronse cara a produción de cabrito leital, desaproveitando as súas grandes capacidades para transformar os recursos naturais en carne. Na maioría dos casos, as cabras permanecen na explotación polo seu papel medioambiental, e en moitos casos baixo a produción ecolóxica, xa que mediante o pastoreo manteñen a vexetación arbustiva en boas condicións, sen que iso supoña un custe excesivo para o gandeiro. Lamentablemente na actualidade o prezo da carne de cabrito non permite que estes sistemas sexan rendibles, a non ser que se valorice a contribución medioambiental antes mencionada. A isto hai que engadir que en moitas zonas estes animais foron desprazados pola actividade cinexética e outros usos da terra.

Os sistemas pastorais de orientación leiteira baséanse en razas autóctonas pero con claras aptitudes leiteiras, aínda que hai razas foráneas tamén ben adaptadas. En estas ganderías séguese realizando o pastoreo, aínda que con estratexias ben diversas. Mentres que nas serras as cabras pastorean todo o día ó longo do ano, nas zonas de terras máis productivas e zonas de campiña, o pastoreo límitase a aquelas épocas do ano nas que abundan os pastos naturais ou os residuos agrícolas como os *rastrojos*, realizando o pastoreo durante algunhas horas ó día.

CURSO DE CANS DE PASTOREO

Despois do curso do mes de xullo, realizado en Boimorto, e debido ao interese de outros gandeiros, a finais de agosto celébrase en Cospeito (Lugo) un curso de adestramento de cans para manexo do gando, dunhas 10 horas aproximadamente, repartidas en 2 días. O curso será impartido polo adestrador Alejandro Ibarra (Navarra) que posúe unha dilatada experiencia como criador e adestrador da cans de raza Border Collie.

Mais información no teléfono 627473504 (Alejandro) ou na web

www.ibarraartusbordercollie.com



COMPRA – VENTA

- Véndense 50 cabras – 602 279 938 – A Pastoriza (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie – 676 030 978 – Portomarín (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie – 628 671 655 – A Pastoriza (Lugo)



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 76 XULLO-AGOSTO 2012

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

RAPA

A primeiros de xuño rematou o servizo de rapa organizado por OVICA para esta campaña 2012. En total, realizouse o tosquiado dunhas 23.000 cabezas por toda Galicia, entre socios e non socios, en pouco mais de dous meses. Trátase dun servizo moi importante para os gandeiros de ovino e que OVICA ven organizando de forma continua desde fai xa 11 anos. Queremos aproveitar para mandar un agradecemento a tódolos socios que realizaron o tosquiado con OVICA, e que contribúen á continuidade, o bo funcionamento e á mellora do servizo ano tras ano.

Estamos xa a traballar na campaña 2013, co obxectivo de mellorar o servizo e axustar os prezo.



MOITAS GRAZAS A TODOS E TODAS!

AXUDAS AO SERVIZO DE ACONSELLAMENTO

Durante o mes de xullo recibíronse as cartas de aprobación da axuda para a utilización de servizos de asesoramento. Nesta 3ª convocatoria aplicouse unha redución da base de cálculo dun 40%, o que supuxo na práctica unha **reducción do total da axuda dun 40%**. Isto supón para moitos gandeiros unha modificación das condicións nas que está a sufragar os custes do CES, facéndoo inviable nalgúns casos. Aínda así terán que seguir porque o CES compromete por 5 anos.

ADAPTACIÓN DO OVINO E CAPRINO DE LEITE Á LETRA Q

OVICA está a tramitar a adecuación das explotacións de leite na normativa da "Letra Q", á cal están obrigadas tódalas explotacións que produzan leite, tanto se transforman na propia explotación coma si venden o seu leite a unha queixería. Froito do bo entendemento ca Consellería do Medio Rural non se está a producir ningún incidente nas inspeccións realizadas.

VÉLARO PRESENTOU OS COMPROMISOS DE PERMANENCIA

Neste mes de xullo e principios de agosto, os solicitantes da axuda específica do sector ovino, membros todos de Vélaro S.C.G. recibiron cartas do FOGGA solicitando que entregasen o compromiso de permanencia asinado coa cooperativa. Dende Vélaro, para axilizar os trámites, presentáronse o día 2 de agosto todos os documentos de todos os socios da cooperativa.

Se tedes calquera dúbida chamade ó 687 778 013 – 669 128 946



CAIXA RURAL GALEGA

NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

As ovellas poderán enviar un SMS ó pastor cada vez que veña o lobo.

En Suíza e Francia están a facer probas para elaborar un sistema para avisar ó pastor cando o rabaño está a ser atacado por un lobo. O sistema funciona cunha pegatina engançada no peito de varias ovellas monitorízase o seu ritmo cardíaco (normalmente entre 60 e 80 latidos por minuto) e, cando detectan unha ameaza, este dispárase ata os 225 latidos por minuto.

Isto, unido a un dispositivo móbil permitirá avisar ó pastor por SMS cando as ovellas detecten un perigo.

Un estudio demostra a alta capacidade de memoria que teñen as cabras.

Ademais de manter relacións sociais complexas, as cabras demostran ter unha estupenda memoria. Estes animais non esquecen a voz das súas crías incluso un ano despois de haber sido destetadas e separadas.

Este comportamento podería tamén axudar ás cabras mais e ás súas crías a manter relacións familiares e tamén podería evitar que as nais se aparellaran cos seus fillos, cando estes chegan á madurez sexual.

Confirman en ovellas a teoría da "manada egoísta" para evitar ataques.

Esta teoría defende que moitos animais viven en manada para reducir as posibilidades de ser atacados. Monitorizando a posición de cada ovella dun rabaño e estudando os seus movementos, os investigadores da Universidade de Londres probaron que fronte a un ataque, as ovellas exhiben unha forte atracción cara o centro do rabaño, nun intento de evitar o borde do mesmo. Este movemento fai que o conxunto do rabaño se mova afastándose do perigo.

Os produtores alertan do "descontrol" nos prezos dos pensos.

Varias asociacións de produtores en toda España alertaron ó Goberno sobre a suba dos prezos das materias primas para os pensos, como cereais e soia, e das graves consecuencias que esta suba ten para os gandeiros. A suba de prezos débese a grave seca que padece o centro de EEUU e pola especulación nos mercados de futuros (Londres e Chicago).

Previsión de cereais para a campaña 2012.

Cooperativas Agro-alimentarias fixo unha previsión para esta campaña, en España, duna produción de 15,5 millóns de toneladas de cereais. Isto supón unha redución dun 25% respecto da campaña 2011. Isto fará aumentar as importacións de cebada, que pasarán de 0,6 millóns de toneladas a 1,7, e de millo, que pasarán de 3,8 a máis de 4 millóns de toneladas para este 2012.

Unhas 8.700 cabras e ovellas en Almería e 8.500 en Granada participan na limpeza dos montes.

A provincia de Almería conta coa colaboración de 1.800 cabras e 6.900 ovellas "bombeiros" que van colaborar na loita contra os incendios forestais en tarefas de prevención. Estes animais dedícanse este verán ao pastoreo dos corta-lumes e de determinadas zonas de risco. O plan de pastoreo controlado mantén 335 km de corta-lumes e conta coa participación de 20 gandeiros da provincia.

Na provincia de Granada contan con 16 pastores, 5.800 ovellas e 2.700 cabras para máis de 634 hectáreas de terreo espalladas en 16 zonas montañosas.

En termos monetarios isto supón un gran aforro, xa que retarda a necesidade de usar maquinaria e reduce ata nun 75% os custes dos tratamentos ordinarios.

O sacrificio de ovinos medra un 6,15% no primeiro trimestre do ano.

O sacrificio de animais ovinos aumentou nos tres primeiros meses do ano 2012 un 6,15%, según rexistran os datos oficiais da Enquisa de Sacrificio de Gando, elaborado polo MAGRAMA. No primeiro trimestre sacrificáronse 2.764.471 ovinos uns 160.000 máis que o ano anterior. No gando caprino deuse a situación contraria reducíndose un 4,8% o número de sacrificios.

Aínda que os fogares españois consumen un 5,5% menos de carne de ovino e caprino, o incremento nos sacrificios vai destinado a exportación, que medra ano a ano.

Castela e León perde máis de un tercio da cabaña de ovino na última década.

Dende o ano 2002 o censo ovino descendeu un 33% na rexión e dende o 2006 un 25%. Esta comunidade autónoma veuse afectada polo descenso tanto do ovino de carne como o do ovino de leite.

O Premio á Biodiversidade 2012 para o uso da gandería como ferramenta de xestión forestal

O "Premio á Biodiversidade 2012" foi para unha familia de Huesca, que colabora habitualmente co centro de investigación CITA-Aragón por un estudio dos usos da gandería como ferramenta para a xestión ambiental en áreas forestais. Isto demostra as posibilidades da gandería como ferramenta para a xestión do territorio.

O lobo en Asturias.

En Asturias presentouse unha proposta non de lei para que o Goberno da comunidade autorice batidas contra o lobo en todos os concellos asturianos para garantir a seguridade do gando nos pastos de montaña.

A iniciativa propón ademais que as batidas sexan realizadas polos propios cazadores e gandeiros que desexen participar de forma voluntaria "co conseguinte aforro de custes para o Principado". Tamén reclámase que se paguen os danos do lobo no prazo prometido de quince días, tal e como se prometeu na campaña electoral.

Un estudio da USC demostra os beneficios do pastoreo de ovellas para limpar o bosque.

O grupo de investigación Sistemas Silvopastorales da Escola Politécnica Superior de Lugo, dirixido polo catedrático Antonio Rigueiro, demostrou os beneficios de utilizar animais para a limpeza do monte fronte ó uso doutros sistemas químicos ou mecánicos.

O seu proxecto, tal e como sinalou a USC, céntrase na utilización de ovellas para o pastoreo nunha plantación de frondosas produtoras de madeira de calidade (cereixos).

Entre as vantaxes que ofrece este sistema, tras dous anos de traballo, a USC destacou que as ovellas resultan "tanto ou máis efectivas" que outros sistemas de limpeza e que aportan "valor engadido", xa que o impacto ambiental é menor e a rendibilidade económica, maior, debido á redución de custes e ó incremento da calidade.

Así "os beneficios son de todo tipo", tanto para os propietarios dos terreos e os dos animais, para o benestar dos propios animais (criados baixo condicións de gandería ecolóxica) e para os seus consumidores.

Dito isto, Antonio Rigueiro subliñou o beneficio que aporta á "sociedade en xeral" este sistema, xa que redúcese o uso de produtos químicos contaminantes, a biodiversidade aumenta, a captura de carbono é maior e o risco de lumes diminúe.

"O único problema detectado" polo uso de ovellas en esta plantación de cereixos é "un pequeno desprendemento da cáscara na parte baixa do tronco de algunhas árbores". Pero, dado que se trata de "unha capa fina moi superficial", o catedrático pensa que "non supón un dano para as árbores nin terá impacto na venda da madeira".